

## ACTA DO CONSELLO ORDINARIO DO DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E

### PUBLICIDADE (X14) CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2021

**Asistentes:** José Rúas Araújo (presidente), Julia Fontenla Pedreira, (secretaria en funcións), Iván Puentes Rivera Alberto Dafonte Gómez, Alberto Pena Rodríguez, Ana Belén Fernández Souto, Anna Amorós i Pons, Diana Ramahi García, Érica Conde Vázquez, Javier Abuín Penas, Jorge Lens Leiva, José Manuel López, José Octavio Rodríguez Nieto, Juan Manuel Corbacho Valencia, Julinda Molares Cardoso, Luis Xabier Martínez Rolán, María Isabel Míguez González, Montse Vázquez Gestal, Oswaldo García Crespo, Paulino Emilio Pérez Feijoo, Silvia García Mirón, Talía Rodríguez Martelo, Vera Cruz Montoto Vázquez, Vicente Badenes Plá, Román Pereiro Rodríguez-Lepina e Carmen López de Aguilera Clemente.

**Desculpan asistencia:** Ana Iglesias Álvarez, Isabel Moreira Recamán, Beatriz Legerén Lago, Andrés Fraga, Emma Torres, Carmen Maíz e Paulino Pérez.

A xuntanza do Consello da comezo ás 13.45 horas (segunda convocatoria) na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus Remoto da Universidade de Vigo, baixo a presidencia de José Rúas Araújo, director do departamento, e actuando como secretaria en funcións, a profesora Julia Fontenla Pedreira ante a ausencia de Beatriz Legerén Lago; coa seguinte orde do día:

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 26 de xullo de 2021.
- 2.- Informe do director.
- 3.- Aprobación, se procede, dos Informes de solicitude de quinquenios.
- 4.- Aprobación, se procede, da modificación do POD.
- 5.- Aprobación, se procede, dunha invitación para a materia “Expresión Sonora”
- 6.- Aprobación, se procede, das titorías do segundo cuadrimestre.
- 7.- Asuntos profesorado.
- 8.- Rolda de intervencións.

#### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 26 de xullo de 2021.**

Sometido o asunto a votación, apróbase por asentimento.

## **2.- Informe do director.**

O director de departamento, José Rúas, informa do incremento do orzamento do ano 2022 respecto ao ano anterior, ascendendo á cifra de 6468,73€ (126, 87€ máis que no ano 2021). Diminúese en 200€ o material de oficina e se suman 326€ a gastos diversos.

Por outra banda, José Rúas informa que a bolsa do departamento, Xiana Mato, está realizando o vídeo do departamento pendente de anos anteriores; e solicita que calquera profesor que precise algunha cuestión dela, deberá solicitar o formulario previo, con motivo de controlar as tarefas que esta realiza e que terá que xustificar ao final a bolsa.

## **3.- Aprobación, se procede, dos Informes de solicitude de quinquenios.**

Apróbanse as solicitudes de quinquenios dos profesores Luis Xabier Martínez Rolán, Oswaldo García Crespo, Alberto Dafonte, Carmen López de Aguilera, Fortunato Rodríguez e Vicente Badenes.

Se informa que os profesores axudantes doutores poden pedir a avaliación de quinquenios no cómputo.

Os seguintes dous puntos da orde do día trátanse de forma conxunta ao ter que ver con cambios no POD.

## **4.- Aprobación, se procede, da modificación do POD.**

### **5.-Aprobación, se procede, dunha invitación para a materia “Expresión Sonora”**

Apróbase a invitación de docencia de 75 horas (máximo) da materia de “Expresión Sonora”. O director informa que, ante a necesidade de cobertura de docencia restante, o profesor Xabier Martínez Rolán ofrécese a asumir as horas desta materia, deixando libres as horas de “Seminarios Profesionalizantes” e sete horas de folgura, ademais de engadir 10 horas de docencias a maiores.

Pide a palabra o profesor Xabier Martínez Rolán, quen comprométese a cubrir as horas desta materia coa condición de que o vindeiro curso poida escoller esta materia completa (105h), sempre respectando o criterio de categoría e antigüidade. Ademais, suxire ser el mesmo o coordinador da materia por cuestións de organización interna.

O director informa da baixa laboral de Isabel Martínez, e da necesidade de cubrir as horas acudindo á lista de agarda.

Sometido o asunto a votación, apróbase por asentimento.

## **6.- Aprobación, se procede, das titorías do segundo cuadrimestre.**

Apróbanse por asentimento.

## **7.- Asuntos profesorado.**

Os profesores Juan Manuel Corbacho Valencia e Julia Fontenla Pedreira solicitan permiso de ausencia (4 meses na Universidade Complutense e un para estancia de investigación en Costa Rica, respectivamente).

Apróbase por asentimento e trasládase á Reitoría.

## **8.- Rolda de intervencións.**

Pide a palabra o profesor Xabier Martínez Rolán para informar que solicitará novas titorías ante a modificación do POD.

O profesor Alberto Pena plantexa a cuestión de cando se paga a produción científica e a canto cotiza cada punto, ao que José Rúas explica que aínda non hai información ao respecto.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14.10 horas do mesmo día.

**Pontevedra, 15 de decembro de 2021**

O PRESIDENTE

A SECRETARIA EN FUNCIONS

Asdo: José Rúas Araújo

Asdo. Julia Fontenla Pedreira